

ROQUE CARÚS FALCÓN

E O COÑECEMENTO DO MAR

Por Xosé A. Fraga Vázquez

Roque Carús naceu e viviu en Vilagarcía de Arousa (1852-1910). Estudou o bachelato e a carreira de Medicina en Santiago; en Vilagarcía axerceu a docencia no Colegio León XIII. Home de inquiredanzas e curiosidades, hai novas de publicacións suas sobre temas literarios e algunha adicada a cuestións agrícolas (CARUS FALCON, 1990). Realizaba análises biolóxicas e químicas e inventou varios aparellos de física. Do seu interese pola Natureza eran boa mostra os minerais, animais disecados e plantas que reuniu, constituíndo un auténtico museu particular.

A obra pola que se coñece a Carús é *Los misterios de la Naturaleza. Investigaciones sobre el microplacton de la Ría de Arosa* (CARUS FALCON, 1903). Non abundan os exemplares desta publicación, que se pode consultar na Biblioteca do Museu de Pontevedra; afírmase que foi traducida ao alemán ao mes de ser publicado, cuestión que non podemos confirmar.

O libro abrangue 175 páxinas e 14 láminas, con 293 figuras recollidas da observación microscópica e unha carta xeográfica da ría de Arousa, obra do Mariño Fernández Flórez. Carús salienta o interese da Bioloxía mariña e a importancia desta disciplina nos países adiantados de Europa; comenta que a lectura das crónicas de expedición alemana do buque *National* o animou a emprender o seu traballo. Perante a ausencia de estudos axeitados sobre o noso mar quéixase, con moito fundamento, de *...a incuria de nuestros gobernantes no ha dotado esta ría, de excelentes condiciones para el caso, de estaciones y laboratorios biológicos...tan necesarios para los conocimientos de la vida ictícola e industrias pesqueras* (CARUS FALCON, 1903: X-XI).

O libro amosa como os exemplares que observaba Carús lle levaban a deseñar un particular e autodidacta sistema de estudo da vida na ría de Arousa. Realizou seis estudos que desenvolveu para recolectar microplacton na ría de Arousa, ao longo de 8 estacións de recolección; as saídas, un singular intento de excursionismo

Dr. R. CARÚS FALCÓN.

Los Misterios de la Naturaleza

INVESTIGACIONES SOBRE EL

MICRO - PLANKTON

DE LA

RÍA DE AROSA

Obra ilustrada con una carta geográfica iluminada
y 293 figuras microscópicas

LA CORUÑA
PAPELERÍA, IMPRENTA Y FOTOGRAFADO DE FERRER

1903

Parece ser que "Los misterios de la naturaleza", a obra máis coñecida de Carús, foi traducida ao alemán ao mes de ser publicada.

científico, tiveron lugar entre o verán de 1899 e maio de 1901. No texto Carús confesa as súas limitacións como inexperto texónomo e presenta os resultados expoñendo un resume estadístico dos seres colectados, reproducidos nas láminas que acompaña, dun xeito bastante impreciso. A xustificación exposta polo noso autor, escasa formación sistemática, semella non abundar; nos primeiros anos do século XX o estudo dos seres microscópicos non se podía limitar á constatación, case indiscriminada, da variedade da vida.

De feito, o traballo ten sérias deficiencias científicas; apesar de que supón un notábel esforzo de observación e recolleita, é unha obra desfasada, na que domina o carácter divulgativo dun labor *amateur*. O texto semella trasnoitado, mais propio de primeira parte do século; amosa claras limitacións, como a falta xeral de precisión e certa confusión na identificación dos seres, unha discriminación mui xeral, aportando mui pouco a posteriores estudos porque opta pola descrición xeral, impresionista e intuitiva, fronte a un estudo de detalle mais rigoroso e limitado.

De todos os xeitos, compre sinalar que as profundas limitacións do traballo de Carús poden server para simbolizar a situación na que se atopaban os estudos e coñecimento do mar

(continua na páxina 34)